



XEOGRAFÍA E HISTORIA - 2º ESO CURSO 2019-20

Profesor: Xosé Fdez. Maneiro – viaxeaitaca.com – xfmaneiro@gmail.com - Atención a país (previa cita):



Que profesor vai impartir a materia?

Xosé Fdez. Maneiro vai ser o profesor que vai impartir este curso 19/20 a materia de Xeografía e Historia en 2º ESO. Tanto o alumando como as familias poderán comunicarse con el a través do email xfmaneiro@gmail.com, pedindo unha cita a través do tiror/a ou mesmo no teléfono do centro 881 86 71 35

Haberá libro de texto?

Non usaremos libro de texto físico. Como plataforma e servidor de materiais diversos usaremos a páxina web do profesor: <http://viaxeaitaca.com/>. Na páxina de 2º ESO xa tes as unidades que imos traballar. Alí poderás facer calquera comentario que consideres oportuno.

Como o noso centro está a traballar no Proxecto E-Dixgal, cada alumn@ terá un ordenador portátil. Con el, conectarase a internet para acceder aos materiais da web do profesor ou na búsqueda de información, e usará diversas ferramentas de traballo.

Imos usar libreta? ¿Que imos facer nela?

Ainda que traballaremos a maior parte dos contidos, actividades e proxectos de xeito dixital, necesitaremos unha libreta (cuadriculada) na que teremos contidos dos proxectos de traballo e tamén faremos diversas actividades.

A medida que vaia avanzando o curso, o profesor irá indicando os materiais que teredes que imprimir. Todos están do apartado Materiais de todos as unidades de traballo de 2º ESO de viaxeaitaca.com

Revisarase a libreta periodicamente e tomaremos nota, tendo en conta:

- A presentación é boa (orde, claridade, conservación
- É o reflexo do traballo e actividades realizadas: ten todos os contidos, fai e corrixe as actividades....
- Ten unha expresión escrita e ortografía adecuadas (neste aspecto ter en conta as indicacións que ofrecen os profesores de lingua galega e castelá).

Cómo vou ser avaliado?

A nota final de cada avaliación poñerase unha nota (sobre 10), coa suma destes tres apartados:

	Apartado	Aspectos a ser avaliados	% na nota final
1	Traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo reflexado na libreta. • Actividades interactivas da web. • Traballos dixitais. 	30%
2	Traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> • En cada unidade imos ter un ou varios proxectos de traballo. Algúns serán elaborados individualmente e outros serán colectivos (en pequenos grupos) • Cada unidade rematará sempre coa elaboración dun proxecto final elaborado en equipo. P.ex. na Unidade O Medio Físico teremos que elaborar unha guía das paisaxes naturais de España e Galicia. 	30%
3	Probas obxectivas	<ul style="list-style-type: none"> • Unha proba obxectiva, alomenos, por unidade (... pero pode haber máis) • Terán coma obxectivo amosar o nivel competencial do alumnado, sexa sen ou con material de apoio. 	40%

E se ao final dunha avaliación non chego ao 5?

Para a superación da materia en cada unha das avaliacións será necesaria unha nota media de aprobado (5 sobre 10), media feita entre as notas de cada un dos apartados anteriores. Ao final da avaliación, non se farán medias con notas inferiores a 3 ningún dos mencionados apartados.

Ao desenvolver contidos totalmente diferentes e non progresivos, para superar a materia en xuño a alumna ou alumno deberá ter as tres avaliacións cunha nota media de aprobado (5 sobre 10) As alumnas e alumnos, no caso de obter menos de 5 nalgunha das avaliacións, terán dereito a unha recuperación por avaliación, que deberá facerse preferentemente despois da mesma (para o cal se dará unha data límite) ou ao final de curso (xuño). Finalmente, se despois das recuperacións se ten unha nota media de 4 nunha das avaliacións e 5 ou máis nas outras dúas, poderá aprobar a materia.

De non superar a materia en xuño, a alumno deberá facer unha proba escrita na convocatoria extraordinaria de setembro. O mesmo día da proba deberá entregar un traballo de recuperación que previamente lle proporcionará o profesor; de non entregar este traballo completo, non superará a materia. A nota final será a media final da proba escrita (que contará un 60% sempre que supere o 3,5 sobre 10) e do traballo de recuperación entregado (que contará un 40%)

Falaremos en?

... galego. Tanto nos materiais de traballo coma na clase usaremos o galego. Iso non supón que ocasionalmente se poida usar o castelá. Pero, obrigatoriamente, tanto nas unidades, libreta, traballos e probas obxectivas usaremos o galego.

Que contidos imos traballar durante o curso?

A materia divídese en dúas partes: xeografía e historia. As unidades a traballar son (tal e como se reflexan na programación da asignatura, que podemos consultar na web do profesor viaxeaitaca.com):

HISTORIA	
1.	A HISTORIA. O TEMPO HISTÓRICO. <ul style="list-style-type: none"> • Pasado, presente e futuro. • Fontes históricas • Cambio e continuidade. Tempo histórico. Etapas da Historia.
2.	CARA Á IDADE MEDIA. <ul style="list-style-type: none"> • A caída do Imperio Romano. • División política e invasións xermánicas. • Imperio Bizantino. • Reinos xermánicos.
3.	O FEUDALISMO. SEÑORES E CAMPESIÑOS. <ul style="list-style-type: none"> • Características da sociedade feudal. • Relacións señores – campesiños.
4.	O REXURDIR DAS CIDADES <ul style="list-style-type: none"> • Expansión comercial europea e recuperación das cidades. • Crise da baixa idade media: a ‘peste negra’ e as súas consecuencias.
5.	A PENÍNSULA IBÉRICA NA IDADE MEDIA. <ul style="list-style-type: none"> • Islam. • Península ibérica: invasión musulmá. • Evolución de al-andalus e dos reinos cristiáns. • Reconquista e repoboación.
6.	A ARTE NA IDADE MEDIA. <ul style="list-style-type: none"> • Arte Románica. • Arte Gótica. • Arte Islámica.
XEOGRAFÍA	
7.	O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA E GALICIA <ul style="list-style-type: none"> • Relevo, clima, hidrografía e paisaxes naturais.
8.	A POBOACIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Modelos demográficos • Movementos migratorios • Poboación europea, española e galega.
9.	A CIDADE <ul style="list-style-type: none"> • As grandes áreas urbanas do planeta e de Europa • A cidade e o proceso de urbanización en España e Galicia. Principais paisaxes humanizadas.